

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA
CORPORACION O DÍA 2/02/2018, EN PRIMEIRA
CONVOCATORIA.**

ASISTENTES

Concelleiros

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
Alexandre Domínguez Lado
María Rocío Mariño López

Concelleiros

Partido Popular (PP)

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmorís-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.-
- 2º.- Mocións de grupos políticos.-
- 3º.- Aprobación, se procede, do Convenio a formalizar entre o Concello de Fisterra e a Autoridad Portuaria para establecer as actuacións previas cesión da titularidade da Estrada de acceso ó Faro de Fisterra.-
- 4º.- Aprobación, se procede, Convenio a formalizar coa Comunidade Autónoma sobre procesos selectivos Corpos da Policía local.-
- 5º.- Resolución dictadas pola Alcaldía, para coñecemento.-
- 6º.- Rogos e Preguntas.-

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 20:30 horas, do día 2/02/2018, reúnense no Salón de Sesións da casa do concello baixo a Presidencia de o Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a

Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación en primeira convocatoria, coa seguinte:

1º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.

- Sometida a votación a do día 14 de Decembro de 2017 é aprobada por unanimidade dos asistentes a excepción do Concelleiro do grupo Popular Sr. Traba Fernández ó non ter asistido á mesma.-

2º.- Mocións de grupos políticos.

Déixase o asunto sobre a mesa.

3º.- Aprobación, se procede, do Convenio a formalizar entre o Concello de Fisterra e a Autoridade Portuaria para establecer as actuacións previas á cesión da titularidade da Estrada de acceso ó Faro de Fisterra.

Dada conta do seu contido:

PRIMEIRO. A Autoridade Portuaria da Coruña é titular do vial de acceso ás instalacións de sinais marítimas do Faro de Fisterra, o cal de acordo co establecido no artigo 67 do R.D Lexislativo 2/2011, pertence ao dominio público portuario estatal.

SEGUNDO. O citado vial discorre polo municipio de Fisterra na súa totalidade, na provincia da Coruña.

O vial ten o seu inicio no cruce da Rúa Manuel Lago Pais e a AC 445.

A lonxitude total do vial é de 2.701,70 m, con ancho de calzada variable entre 7,00 e 9,40 metros, aproximadamente.

No ANEXO I inclúense planos descritivos do vial.

TERCEIRO. O dito vial tiña orixinariamente a consideración de camiño de servizo para o acceso ás instalacións de sinais marítimas do Porto da Coruña, sen embargo o uso actual por parte do persoal da Autoridade Portuaria da Coruña, é puntual e vencellado aos labores de mantemento necesarios para o funcionamento do sinal marítimo.

Sen embargo, dito vial discorre en parte por núcleo urbano de Fisterra, e en gran medida é utilizado polos turistas e peregrinos do Camiño de Santiago que visitan o Faro.

CUARTO. De acordo coa nova redacción da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración

Local, o Concello de Fisterra, ten dentro das súas competencia propias, a infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, así como o tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade.

QUINTO. Dentro dos fins propios da Autoridade Portuaria da Coruña non se encontra o mantemento dos viais máis alá dos necesarios para o desenvolvemento da actividade portuaria e vencellados directamente a esta.

SEXTO. A data actual, existe unha demanda municipal e veciñal de transferencia da titularidade do vial vencellado ao importante uso turístico desta infraestrutura, o cal vai máis alá da competencia da Autoridade Portuaria da Coruña, tendo en conta a fin desta infraestrutura, como vial de servizo de acceso ao sinal marítimo.

Por iso, ambas partes consideran adecuado que a titularidade, e polo tanto, a xestión e mantemento do vial debería corresponder ao Concello de Fisterra, para adecuar a súa explotación ao uso que actualmente ten o vial, sendo a Autoridade Portuaria da Coruña un usuario máis da mesma, incorporándoo desta forma á rede viaria municipal.

SÉPTIMO. O presente convenio encádrase dentro dos establecidos no artigo 47.2.a) da Lei 40/2015, de 1 de decembro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e supón unha mellora da eficiencia da xestión pública, ao trasladar a titularidade do vial de acceso ao faro de Fisterra a un organismo que ten esta dentro das súas competencia propias, o que suporá un mellor servizo para os cidadáns usuarios de dita estrada.

OITAVO. O presente Convenio foi aprobado polo acordo do Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña na sesión celebrada o día 2/02/2018 polo Pleno do Concello de Fisterra.

E por todo o anterior, ambas partes ACORDAN:

PRIMEIRO. O obxecto deste Convenio é o desenvolvemento das actuacións necesarias previas á cesión gratuíta da titularidade do VIAL DE ACCESO AO FARO DE FISTERRA, definido no ANEXO I do presente convenio, por parte da Autoridade Portuaria da Coruña a favor do Concello de Fisterra, para a súa incorporación á rede viaria municipal.

SEGUNDO. O Concello de Fisterra asumirá a partir do día seguinte da sinatura do presente Convenio á explotación, mantemento e conservación do VIAL DE ACCESO AO FARO DE FISTERRA, ata que sexa efectiva a cesión, quedando a Autoridade Portuaria exenta de calquera outro gasto ou responsabilidade sobre o referido vial.

A explotación, mantemento e conservación do vial refírese tanto á infraestrutura viaria como a sinalización vertical e horizontal do mesmo, e comprenderá todas as actuacións necesarias tanto preventivas como correctivas para manter unhas condicións de circulación adecuadas de

acordo coa normativa vixente e de acordo cos procedementos e prácticas do propio Concello respecto á rede viaria da súa titularidade, quedando o vial suxeito ás mesmas condicións que o resto de viais de dita rede.

TERCEIRO. A Autoridade Portuaria da Coruña tramitará, de conformidade co establecido no artigo 44 do R.D Legislativo 2/2011, de 5 de setembro, a desafectación do vial de acceso ao Faro de Fisterra definido no ANEXO I do presente Convenio, unha vez suscrito o presente convenio.

A Autoridade Portuaria da Coruña realizará unha taxación independente do ben, aos efectos do establecido no mencionado artigo 44.

CUARTO. Aprobada a desafectación do vial polo Ministro de Fomento, e previos os trámites oportunos, a Autoridade Portuaria da Coruña procederá á cesión gratuíta do mesmo a favor do Concello de Fisterra.

Para o perfeccionamento deste feito, asinarase a correspondente acta de entrega e recepción entre ambas partes, Autoridade Portuaria da Coruña e Concello de Fisterra, como refrendo do acordo da transmisión ao Concello da titularidade dominical do vial.

Non obstante, se transcorrido o prazo de TRES (3) MESES desde a aprobación da desafectación do vial polo Ministro de Fomento, non se subscribise a acta sinalada no parágrafo anterior, entenderase aceptada automaticamente a cesión gratuíta por parte do Concello de Fisterra.

O Concello de Fisterra comprométese a realizar todas aquelas xestións necesarias para a modificación da titularidade do vial obxecto deste Convenio ante outras institucións ou rexistros públicos, unha vez sexa efectiva a cesión da titularidade, no caso de que así llo esixa a normativa vixente.

Sen prexuízo da cesión da titularidade do vial, o Concello de Fisterra garante de maneira indefinida, en todo momento e de forma gratuíta o acceso dos vehículos de servizo de sistemas de axuda á navegación da Autoridade Portuaria da Coruña, vencellados estritamente aos labores que lle son propios respecto ao Faro de Fisterra.

QUINTO. O presente Convenio terá unha vixencia de CATRO (4) ANOS desde a sinatura do mesmo.

Ambas partes acordan, ao abeiro do establecido no artigo 49. h.2º da Lei 40/2015, que, no caso de que transcorrido o prazo inicial de catro anos, non se puidese formalizar a cesión da titularidade de acordo co recollido nas cláusulas anteriores, o convenio prorrogarase automaticamente por un período doutros CATRO (4) ANOS adicionais.

O Convenio extinguirase anticipadamente no momento no que se formalice a cesión da titularidade do vial por parte da Autoridade

Portuaria da Coruña a favor do Concello de Fisterra conforme ao recollido no acordo cuarto.

SEXTO. Coa finalidade de dar seguimento á execución deste Convenio créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por DOUS (2) representantes de cada un dos asinantes.

Esta Comisión resolverá as dúbidas relativas á interpretación e cumprimento do Convenio. En caso de existir discrepancias entre ambas partes, acudirase á vía da arbitrase.

SÉPTIMO. O presente Convenio contén todos os compromisos e declaracións das partes en relación ao seu obxecto. Os Anexos e Expoñendo do presente Convenio forman parte integrante do mesmo.

OITAVO. Calquera modificación do presente Convenio deberá ser adoptada por escrito para ter eficacia xurídica e ser asinada polos representantes legais de ambas partes.

NOVENO. Para o non previsto no presente Convenio, será de aplicación a normativa vixente en cada momento.

Para a resolución de calquera cuestión litixiosa que se orixine en relación co presente Convenio, as partes sométense á xurisdición dos xuíces e tribunais da cidade da Coruña, con renuncia a calquera outro foro que puidera corresponderlles.

Previo acordo de ambas partes, toda controversia derivada ou relacionada con este Convenio incluída calquera cuestión sobre a súa existencia, validez, interpretación, alcance, cumprimento ou terminación, poderá ser resolta mediante arbitrase, nos termos establecidos pola Lei 60/2003, de 23 de decembro, de Arbitrase.

INTERVENCIONS

Sr. Alcalde

A estrada de acceso ao faro non é unha vía normal senón de interese municipal, está incluída dentro do Plan Director do Monte do Cabo aprobado pola Xunta e ata agora viña sendo unha traba administrativa para a regulación do tráfico tanto a existencia do fluxo de vehículos como zonas de aparcadoiros e persoas que acceden a ese entorno.

Consideramos que é necesaria a nosa xestión dado que debemos conseguir que a estrada do faro se realice doutro xeito de organización evitando así o caos e a mala imaxe, debendo melloralala como fisterráns dado que alí está o final do Camiño; cada vez fai máis xente o Camiño a Fisterra e súa impresión virá influenciada na imaxe que poidanos dar.-

Nós temos que conseguir que esta visión sexa mellorada e a única solución é a formalización deste Convenio coa Autoridade Portuaria, que é un primeiro paso que permitirá adiantarnos ao procedemento administrativo que o pararía se fixesemos primeiro a desafectación da citada vía de acceso (estrada). -

Dado que isto tívose sempre en mente agora non debemos deixar escapar esta posibilidade, ademais de que a Deputación este ano estableceu un Plan de Medio Ambiente para varios municipios coa fin de que poidan acollerse á unhas subvencións de vías e veredas destinadas a carrís-bicis naquelas estradas de acceso a faros coma o noso caso, de ata un investimento de 200.000 €.

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

Dicirille Sr. Alcalde que me decepcionou vostede aceptando este Convenio cando fai un mes noutros Concellos como os de Camariñas e Muxía aceptaronse outros coa mesma Autoridade Portuaria pero coa previsión do arranxo da estrada de acceso a faros nunha inversión de 600.000 €.

Á vista destas condicións, vexo con dúbida en apoialo dado que ao final non nos van dar nada, polo que non ten sentido que aceptemos un vial sen que se efectúen antes os investimentos necesarios; parece que estamos vendendo castelos no aire.

Sr. Alcalde

A estrada de acceso ao faro pode autofinanciarse dado que non se trata dunha estrada normal senón que está sendo utilizada por numerosos vehículos, turístas e peregrinos, por iso entendemos que non estamos no mesmo caso que noutros Concellos, dado que o Plan do Monte do Cabo é distinto aos Plans doutros municipios.

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

Vostede Sr. Alcalde considera que imos poder xestionar a estrada desde o Concello e que con aceptación deste Convenio vaise resolver o problema do tráfico na estrada de acceso ao faro? dado que considero que a estrada púidose ter negociada antes de asinar ningún convenio e que aquí o que se está vendendo o do carril bicis únicamente como xustificación para aceptar a mesma.

É decepcionante a xestión que se está facendo deste goberno local para a obtención do vial, dado que todos somos conscientes que desde as sinais marítimas os seus accesos foron transferidos desde a Administración de Costas ás respectivas Autoridades Portuarias que tratarían de prescindir delas, sobre todo porque en moitos casos o

obxectivo para o que se construíron quedou relegado a un segundo plano, incrementándose así a demanda social de acondicionar e mellorar as estradas por transformárense os faros nun destino turístico e en moitos casos un recurso fundamental como é o caso do Faro de Fisterra.

Por todo isto, creo que na formalización desta cesión non hai ningún plan e o risco que se asume é moi alto, absteremonos na votación. -

Sr. Alcalde

Non podemos pensar en que non imos a poder xestionala, debemos ter un voto de confianza para poder levar a cabo estas actuacións e asinar o Convenio de cesión coa Autoridade Portuaria.

Sr. Sar Oliveira do Grupo BNG

Tampouco é que nos guste moito a nós que levamos dous anos esperando por unha resposta da Autoridade Portuaria intentando negociar e nada, pero creo que polo menos así se poderá xestionar toda a vía que non é unha calquera porque pasan por ela decenas de miles de vehículos ao ano e hai que explotala.

Sr. García Pouso de Convergencia Galega

Estou de acordo na exposición pero para min é unha humillación o feito de que aos Concellos de Cee, Muxía e Camariñas lle presenten un convenio onde figura que lle van arranxar a estrada e a nós non.

Creo que na estrada de acceso ao faro deberían poñerlle aglomerado antes de formalizar a cesión do vial porque considero que antes do verán hai que arranxar a estrada pedíndolle a Autoridade Portuaria e estamos a tempo para solicitalo.

É necesario facer unha contraproposta á Autoridade Portuaria, para que nos deixe as Dependencias do edificio do Faro de Fisterra.

Sr. Alcalde

Enténdovos pero a solicitude fíxose neses termos de que deberían arranxarnos a estrada, tamén somos conscientes dos custes que supón arranxala pero xa temos estudado todo iso e algo máis.

Vexo que hai un trato desigual en relación aos Concellos antes indicados pero hai que achacalos á Autoridade Portuaria pero por outra parte creo que quérrenos liar o palangre xa que levamos máis de dous anos sobre este tema.-

Eu sei cales son os nosos obxectivos e quero que o pobo de Fisterra progresa, eu non vou marcar o ritmo nin os dos demais; non vou entrar neste xogo, imos aceptar a estrada con estas cláusulas porque é especial

e debemos ir a poñer en funcionamento o Plan Director do Monte do Cabo.

Sr. García Pouso de Convergencia Galega

Considero que a decisión é temeraria e non sei se é un paso en falso para o Concello pero tamén quero entender que debemos pelear para que non se nos discrimine con respecto aos Concellos de Cee, Muxía e Camariñas.

Á vista dos antecedentes, o Pleno por Seis votos a favor (4 PSOE e 2 BNG) e Cinco abstencións (4 PP e 1 Convergencia Galega) acorda aprobar o citado convenio.

4º.- Aprobación, se procede, Convenio a formalizar coa Comunidade Autónoma sobre procesos selectivos Corpos da Policía local.

Unha vez examinado, o **Pleno por unanimidade dos asistentes acorda :**

1) Aprobar o Convenio en todo o seu contido baixo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO.

1. Este convenio ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de Fisterra na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local e as prazas de auxiliares de policía local e de vixiantes municipais.

2. En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para as prazas das diferentes categorías do seu corpo de Policía Local e as prazas de auxiliares de Policía Local e as prazas de vixiantes municipais, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo Concello na forma e prazo establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.

3. Para o ano 2018 a delegación realizada polo Concello é aceptada pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma en relación cos procesos

selectivos para o acceso mediante o sistema de quenda libre á categoría de policía e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixiantes municipais, de acordo coa previsión recollida na liña a) da disposición adicional única do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

No momento en que a previsión recollida na liña b) da devandita disposición adicional única se desenvolva para as demais categorías e sistemas de acceso aos corpos de policía local, a delegación realizada polo concello, de ser o caso, con esas outras categorías e sistemas de acceso, é aceptada e producirá plenos efectos, sen precisar novo acordo plenario, debendo o concello comunicar, nos prazos establecidos no Decreto 115/2017, as novas prazas a convocar.

Entrementres non se leve a cabo o referido desenvolvemento, o concello poderá convocar e desenvolver os procesos selectivos das categorías e sistemas de acceso aos que se refire o parágrafo anterior, coa obriga de reservar praza, dentro dos prazos establecidos, nos cursos selectivos de formación ou capacitación para as persoas que resulten aprobadas ou obteñan praza.

SEGUNDA: Comunicación á Academia Galega de Seguridade Pública das prazas concretas a convocar e prazo para efectuar a devandita comunicación.

1. O Concello, no momento da sinatura do convenio ou ben nun momento posterior e, en todo caso, antes dos prazos que a continuación se indican, deberá comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, no modelo que recolle no Anexo I, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares da policía local e de vixiantes municipais, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencen, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.

2. A comunicación deberá ir acompañada dunha certificación da persoa titular da secretaría do concello na cal se acredite o cumprimento de todos os requisitos legalmente esixidos para a convocatoria das prazas, segundo o modelo que se recolle no Anexo II deste convenio.

3. Os prazos para efectuar a devandita comunicación son os seguintes:

A) Excepcionalmente para o ano 2018:

- Ata o final do mes de marzo, para o acceso, mediante o sistema de quenda libre, á categoría de policía e as prazas de vixiantes municipais.
- Ata o final do mes de febreiro, para as prazas de auxiliares de policía local.

B) A partir do ano 2019:

- Antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, para o acceso, mediante o sistema de quenda libre, á categoría de policía e as prazas de vixiantes municipais ou para o resto de categorías e sistemas de corpos de policía local cuxos procesos selectivos unitarios estean habilitados conforme a previsión do apartado b) da disposición adicional única do Decreto 115/2017, de 17 de novembro.

- Antes de que remate cada ano natural para as prazas de auxiliares de policía local.

TERCEIRA: Alcance da Delegación.

1. A delegación obxecto deste convenio comprende:

A) A aprobación e publicación das convocatorias dos procesos selectivos coas súas bases, así como a aprobación, notificación e publicación de todos os demais actos e resolucións administrativas que dean cobertura xurídica ao desenvolvemento daqueles.

B) O nomeamento e coordinación dos órganos de selección, incluído o aboamento de todos os gastos derivados da súa actuación.

C) A recepción das solicitudes de participación e cobro das correspondentes taxas,

D) A xestión integral da operativa precisa para o desenvolvemento material dos procesos selectivos.

E) A cualificación das probas selectivas e a aplicación dos correspondentes baremos de méritos.

F) Se o convenio inclúise a selección do persoal auxiliar de policía local, a xestión das correspondentes listas selectivas nos termos establecidos polo artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

G) Toda as demais xestións relacionadas coa convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos, coa excepción que se sinala no número seguinte:

H) A organización dos correspondentes cursos selectivos de formación ou capacitación.

2. Exceptúanse da delegación as competencias relativas ao nomeamento como persoal funcionario en prácticas, ou de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, e a contratación como persoal auxiliar de policía local das persoas aprobadas ou que obtivesen praza nos procesos selectivos.

CUARTA: Obrigas da Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase a aprobar as convocatorias dos procesos selectivos para o acceso ás categorías do corpo de Policía Local comprendidas neste convenio e as prazas de persoal auxiliar de policía local e vixiantes municipais sempre que as prazas comunicadas para a correspondente categoría e sistema de acceso polos concellos cos cales estean en vigor os preceptivos convenios, alcancen o número mínimo total de:

- Dez, no caso do acceso á categoría de policía polo sistema de quenda libre e aos postos de persoal auxiliar de policía local.
- Cinco, en todos os demais casos.

Para a determinación dese número mínimo sumaranse todas as prazas comunicadas antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, ou antes de que remate o ano natural no caso do persoal auxiliar de policía local, salvo o disposto nas cláusulas segunda e décimo terceira.

Malia o anterior, a Administración Xeral da Comunidade Autónoma resérvase a posibilidade de convocar procesos selectivos unitarios para un número de prazas inferior ao sinalado no parágrafo anterior, nos termos sinalados polos artigos 4.1 e 18.1 do Decreto 115/2017, de 17 de novembro.

2. No suposto de non se convocar un proceso selectivo unitario por non se acadar un número mínimo de prazas previsto no número anterior, a consellería competente en materia de seguridade porá inmediatamente en coñecemento do concello dita circunstancia. Este poderá optar entre desenvolver por si mesmo o proceso selectivo ou volver comunicar as prazas para o seguinte ano, sempre que o permita o prazo de execución da correspondente oferta de emprego público.

3. No caso de que o obxecto de convenio comprenda a selección de persoal auxiliar da policía local, a Administración Xeral da Comunidade Autónoma obrígase tamén a seleccionar, a través da lista prevista no artigo 19 do Decreto 115/2017, de 17 de novembro, ás persoas precisas para a cobertura das necesidades sobrevidas desta clase de persoal que se comuniquen polo concello no modelo que se estableza para o efecto, sempre que na devandita lista existan persoas aptas para a cobertura das prazas ás que se refire a comunicación.

QUINTA. Obrigas do Concello.

En virtude deste Convenio, o Concello asume as seguintes obrigas:

A) Comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, na forma e dentro do prazo que se sinala na cláusula segunda, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de Policía Local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou das prazas de vixiantes municipais que se terán que convocar, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencen, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.

B) Nomear como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira ás persoas aprobadas ou que obtiveron praza nos procesos selectivos ou contratar como persoal auxiliar da policía local ás persoas seleccionadas pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma, logo de verificar que teñen superado o preceptivo curso de formación.

C) Comunicar inmediatamente á Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública a toma de posesión ou a contratación das persoas mencionadas na liña anterior.

D) Efectuar os trámites internos necesarios, nos prazos que fixe a Academia Galega de Seguridade Pública, para a incorporación efectiva aos cursos selectivos de formación ou capacitación das persoas aspirantes que superasen o proceso selectivo.

E) Subministrar á consellería competente en materia de seguridade e a Academia Galega de Seguridade Pública toda a información que estas necesiten e demanden dacordo o previsto polo Decreto 115/2017, do 17 de novembro, para o cumprimento das obrigas que derivan do presente convenio.

SEXTA: Financiamento dos procesos selectivos.

1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma asume o financiamento de todos os gastos derivados da xestión e desenvolvemento dos procesos selectivos obxecto deste convenio, con cargo aos recursos consignados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

2. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma percibirá os ingresos derivados das taxas que se establezan pola participación nos procesos selectivos de acordo co establecido na lexislación de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

SÉTIMA: Comisión de seguimento.

- 1. Este convenio será administrado por unha comisión de seguimento composta por dúas persoas designadas para cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade.**
- 2. A comisión de seguimento, de acordo co establecido no artigo 49.1.f) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é o instrumento para o seguimento, vixilancia e control do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, e exercerá as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.c) e 52.3 daquela.**
- 3. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma e o Concello comprométense a resolver por mutuo acordo, no seo da comisión de seguimento, cantas diferenzas resulten da interpretación e cumprimento deste convenio, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa para o coñecemento de todas as cuestións e litixios que poidesen xurdir.**

OITAVA: Vixencia.

- 1. Este convenio ten vixencia dende a data da súa sinatura ata un máximo de catro anos de duración.**
- 2. Con anterioridade á súa finalización, o convenio poderá ser prorrogado, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional da mesma duración.**
- 3. A finalización da vixencia do convenio no afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.**

NOVENA: Causas de resolución.

- 1. De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, son causas de resolución deste convenio:**
 - A) A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito cun mes de antelación a data na que desexe a finalización do mesmo.**
 - B) O incumprimento das cláusulas do mesmo.**
 - C) O mutuo acordo das partes.**
- 2. A resolución do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.**

DÉCIMA: Modificacións.

As modificacións deste convenio formalizaranse mediante addenda, cos mesmos requisitos e condicións que se esixen para a aprobación do mesmo.

DECIMA PRIMEIRA: Publicidade.

1. En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da devandita subscripción cos seguintes datos básicos:

A) Identificación das partes que interveñen.

B) Importe do financiamento.

C) Data da sinatura.

D) Finalidade.

E) Período de vixencia.

2. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

DÉCIMA SEGUNDA: Natureza e réxime xurídico.

1. Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no artigo 6.1 desta.

2. As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula sétima. De persistir as mesmas resolverá a persoa titular da consellería competente en materia de seguridade e a Xunta de Goberno local do concello, no ámbito das respectivas competencias, poñendo fin á vía administrativa.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asínase, por duplicado, no lugar e data indicados.

2) Remítase certificación deste acordo á Academia Galega de Seguridade Pública para o seu coñecemento e demais efectos.-

5º.- Resolución dictadas pola Alcaldía, para coñecemento.

- Altas, Baixas e Cambios de Domicilio dentro do Padrón Municipal de Habitantes.

- Resolución de Inicio de procedementos sancionadores de tráfico.

- Aprobación de adhesión ao Convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a implantación da Historia Social Única Electrónica (HSUE) nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a sinatura dun protocolo.

-Solicitud de Subvención polo importe de Dezanove Mil seiscientos setenta e catro euros con trinta e catro céntimos (19.674,34 €) para financiamento de persoal das oficinas de Turismo durante un período de 7 meses.

- Concesión de vacacións en favor de Miguel Angel Olveira Traba durante o período comprendido entre o 2 ao 8 de xaneiro de 2018.

- Concesión de vacacións en favor de Manuel Lagoa López durante o período comprendido entre o 2/01/2018 ata o 7/02/2018, agás o día 5/01/2018.

- Desestimación de recurso de reposición formulado por Roberto Traba Velay en data 5 de decembro de 2017 fronte á Resolución ditada por Alcaldía con data 6 de novembro de 2017.

-Incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística respecto das obras de construción dun peche, muro de defensa, edificación e recheo levadas a cabo por Norberto Lestón Areas nunha parcela colindante co río Sardiñeiro.

-Conceder os días 11 e 12 de xaneiro de 2018 por asuntos particulares con cargo ao ano 2017 en favor de Osvaldo Santos Lobelos.

-Delegación de funcións de Alcaldía en favor do Primeiro Tenente de Alcalde, Xan Carlos Sar Oliveira durante os días 18 e 19 de xaneiro ante a ausencia por viaxe oficial do Sr. Alcalde.

-Concesión de vacacións durante o período comprendido entre o 26 de xaneiro ao 26 de febreiro (ambos incluídos) en favor de Carmen María

Ballón Estévez. Así mesmo conceder á citada traballadora dos días 16 ao 25 de xaneiro de 2018 por asuntos particulares con cargo ao ano 2017.

- Concesión dos días 17, 18, 24, 25 e 31 de xaneiro de 2018 por asuntos particulares con cargo ao ano 2017 en favor de Begoña Valdomar Insua.

- Autorización de Festas en San Vicente de Duio durante os días 22, 27 e 28/01/2018 ante a petición formulada por Eva M^a Senlle Buiturón.

- Concesión de asuntos particulares os días 24 e 25 de xaneiro de 2018 con cargo ao ano 2017 en favor de Carmen Fábregas Lorenzo.

- Concesión de días por asuntos particulares os días 29, 30, 31 de xaneiro e 1, 2 de febreiro de 2018 por asuntos particulares con cargo ao ano 2017 en favor de José Manuel Marcote Senlle.

- Concesión de días por asuntos particulares durante o período comprendido entre o 23 ao 31 de xaneiro de 2018 con cargo ao ano 2017 en favor de Juan José Lago Estévez.

- Cancelación de garantías definitivas impostas no seu día por IDASA INGENIERIA DEL ATLANTICO en concepto de avales bancarios para responder do cumprimento do contrato de redacción do Plan Xeral (PXOM).

Entidade Bancaria	Número	Data	Importe
Banco Urquijo	4.342.001	09/03/2001	2.761,05 €
Banco Santander Central Hispano	49-7-005-0021454	26/11/2003	2.041,28 €

- Concesión dos días 25 e 26 de xaneiro de 2018 por asuntos particulares en favor de Amable Canosa Martínez con cargo ao ano 2017.

- Concesión de días 29 e 30 de xaneiro de 2018 por asuntos médicos en favor de Pilar García Trillo.

- Concesión de días 29, 30, 31 de xaneiro de 2018 por asuntos particulares con cargo ao ano 2017 en favor de Osvaldo Santos Lobelos.

- Concesión de días 29, 30 de xaneiro de 2018 por asuntos particulares con cargo ao ano 2017 en favor de M^a Filomena Domínguez Velay.

- Incoación de expediente a nome de M^a Josefa Rivas Domínguez para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística pola construción dunha vivenda sita nunha parcela da Rúa Correo desta vila por non se axustar á licenza urbanística concedida.

O Pleno dáse por enteirado.

6º.- Rogos e Preguntas.

Sr. García Pouso de Convergencia Galega

Dicirlle ao Sr. Sar Oliveira do grupo BNG que cando saíu nas novas da televisión en relación co barco dos colectores que perdeu mercancía na praia de Rostro e durante a entrevista, por debaixo do texto do seu nome, como Alcalde de Fisterra dando a entender a todos os fisterráns que era o Alcalde do Concello.

É certo que todos somos humanos, pero hai que ter sempre coidado co que se di.

Sr. Sar Oliveira do grupo BNG

Dicirlle que todo o que grabaron ese día non saíu e eu teño a grabación e non se fai referencia a Fisterra.

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

Estase levando a cabo un novo inventario de bens do Concello ?

Sr. Alcalde

Vaise rectificar o Inventario con todos os camiños públicos e 25 propiedades grandes incluíndo o Castro.

Sería necesario a modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal coa finalidade de evitar as plantacións de árbores en terreos de Concentración Parcelaria.

Sr. Alcalde

É problemático facelo agora dentro do Plan ó estar aprobado provisionalmente pendente de aprobación definitiva pola Xunta de Galicia, de todas formas no caso que se de cando se solicite informe de concentración parcelaria, estes non van a emitir Informe favorable.

ROGO

Que se sinalicen ben en vertical as bandas rugosas instaladas na zona do Vispo.

Por que se cambiou o Festival do Entroido para o martes?

Sr. Sar Oliveira do Grupo BNG

Para que poidan vir os Concelleiros do Grupo Popular.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 21:47 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.